

## ÍNDICE

<b>Enxertos</b> .....	13
1. Sen ti e contra min mesma.....	17
2. É millor non preguntar se nos amamos .....	18
3. Folerpa de neve .....	19
4. Cando comeza un intre a ser lembranza.....	20
5. Contras .....	21
6. Teléfono en silencio .....	22
7. Marchei.....	23
8. Eucaliptos .....	24
9. Alleo .....	25
10. Árbore do ceo .....	26
11. Señardade.....	27
12. Nacín nun lugar onde non hai mar .....	28
13. Un niño de procesionarias .....	29
14. Siamesas .....	30
15. Paxaros errantes.....	31
<b>Muros krainer</b> .....	33
16. Todo aquilo que perdín.....	37
17. No teu interior están os que marcharon e os que virán....	38
18. Esporas.....	39
19. Arrepentimento .....	40
20. Grúas .....	41
21. Rabuñaduras.....	42
22. Os que somos e os que marcharon.....	43
23. Empréstitos.....	44
24. Estarei á volta de todas as túas viaxes.....	45

25. Twitter .....	46
26. Manchas de neve .....	47
27. Herdanza .....	48
28. Enxeñeiros de montes .....	49
29. Permanecer .....	50
30. Definición de mouteira .....	51
<b>Represas derrubadas .....</b>	<b>53</b>
31. Facer Parkour .....	57
32. Alimento .....	58
33. Nun invernadoiro.....	59
34. Vitoria .....	60
35. Linguas estranxeiras.....	61
36. As vantaxes do amor .....	62
37. Sequoias .....	63
38. Marcas.....	64
39. Quero contarcho todo .....	65
40. Stihl MS 880.....	66
41. Preguntas .....	67
42. Turismo interior .....	68
43. Poética .....	69
44. O tremor das follas .....	70
45. Pel e visceras.....	71
<b>Pastores eléctricos .....</b>	<b>73</b>
46. Soidade.....	77
47. Fento dos valos.....	78
48. Informes vs poemas.....	79
49. Permanencia.....	80

50. Epílogo .....	81
51. En paisaxe allea .....	82
52. Lodoeiro .....	83
53. Covardía .....	84
54. Campañas electorais .....	85
55. Na pel .....	86
56. Verdade ou amor .....	87
57. Independencia e Socialismo.....	88
58. Perfil .....	89
59. As marcas do bikini .....	90
60. Agradecemento .....	91

## 1. SEN TI E CONTRA MIN MESMA

Trasladarse a un prado de herba sen segar, algo así é foder contigo. Contar en balde os abetos americanos. Non sentir outra cousa que non sexa o murmurio das bestas. Quería ser tan infiel coma a árbore que florece durante o inverno, pero paso os días aferrada ás costuras da túa boca.

Non deixo marchar os que queren facelo. Esta noite, pola contra, trouxéchesme ao teu leito para despedirte. Esta mañá acompañáchesme até o meu coche, pero fiquei dentro dunha casa sen cortinas. Espida. Sen ti e contra min mesma.

## 2. É MILLOR NON PREGUNTAR SE NOS AMAMOS

É mellor non deixar nada: os mobles, os fillos, os escritos, os piñeirais, as fotos. É mellor non preguntar nada. Se nos amamos ou non, porque só os que amamos sabemos vivir sen amor; limitándoo e eliminándoo.

A próxima vez pedireiche isto: que marques o meu corpo do mesmo xeito en que o fas coas árbores antes de derrubalas. Para non ter que preguntar nada. Para non ter que esquecer nada e deste xeito non ter que levalo de novo á memoria. Faimo un sinal rosa no peito, dun extremo ao outro.

Agardarei durante meses. Coma un abeto Douglas, secando. Na fronteira entre o pasado e o presente. Nas neves sen pisar. Porque non me fai mal aquilo que non coñezo.